



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2016

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 23 de novembro de 2016.
2. Aprobar a listaxe provisional de propostas temáticas para o Traballo de Fin de Grao do curso académico 2016-2017.
3. En relación coa solicitude de revisión da cualificación do Traballo de Fin de Grao presentada pola alumna D.^a Melisa Macía Domínguez:

a) Estimar a solicitude de revisión.

b) Designar como membros titulares da comisión de reclamacións encargada da revisión da cualificación do TFG aos profesores nomeados como suplentes do tribunal avaliador dos Traballos de Fin de Grao para o curso académico 2016-2017:

Presidente: Prof. Dr. Fernando de Franco Paz

Vogal: Prof.^a Dr.^a Mónica Siota Álvarez

Secretaria: Prof.^a Dr.^a Francisca Fernández Prol

c) Designar por sorteo aos membros suplentes da comisión de reclamacións:

Presidente: Prof. Dr. Roberto Ignacio Fernández López

Vogal: Prof. Dr. J. Agustín González-Ares Fernández

Secretaria: Prof.^a Dr.^a Ángela Coello Pulido

d) Remitir, de obterse unha resposta nun prazo prudencial, á resolución da Asesoría xurídica da Universidade sobre a consulta realizada polo equipo decanal do centro coa finalidade de tratar de garantir o dereito da alumna á revisión e achegarlle as indicacións oportunas aos membros da comisión de reclamacións.

4. Revisar só os erros formais detectados no Regulamento para a elaboración de TFM da Facultade de Dereito e non introducir cambios de contido ou substanciais tendo en conta que é un Regulamento aplicable ao Máster universitario en Avogacía e que previamente foi validado pola súa Comisión Académica.

Ourense, 21 de decembro de 2016



Concepción Martínez Martínez
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 20 de decembro de 2016, se publicaron oficialmente na web e no taboleiro de anuncios da Facultade o día 21 de decembro de 2016.


Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.